Incendios e futuro do rural



PEPE PAZ
Presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Graduados Agrícolas de Ourense

«Transformar ese gasto en verdadeiro investimento.»

Como está sendo a campaña de prevención de incendios a nivel de montes, zonas de cultivo ou explotacións agrogandeiras?

Imos partir dunha realidade evidente: este é un problema de enorme dimensión e, polo tanto, non pode ter solucións simples nin inmediatas. É certo que aparentemente todos podemos achegar ideas, ou mesmo pensar que temos solucións claras, pero a experiencia destes anos demóstranos que estamos diante dunha problemática moito máis complexa.

Tamén é innegable que este problema está a supoñer un enorme custo económico para a nosa comunidade autónoma e que, malia o incremento constante dos orzamentos, as solucións reais seguen sen chegar. Abonda con analizar a vaga de lumes de 2025 para entender que algo non está funcionando. Iso debería levarnos a reflexionar sobre se a saída pasa realmente por seguir aumentando o gasto ou se, pola contra, deberiamos comezar a transformar ese gasto en verdadeiro investimento.

Un investimento orientado a crear estruturas, técnicas, pero tamén sociais, capaces de aproveitar todo aquilo do que a propia natureza e o noso territorio nos dotaron: as fontes, as especies, a xente, o coñecemento do rural… Quizais non existan respostas inmediatas, pero despois de tantos anos sufrindo esta realidade, xa deberiamos estar pensando en solucións a medio e longo prazo, e non só en medidas destinadas a calar bocas ou apagar titulares.

No que respecta á campaña de prevención en montes e zonas de cultivo, sinceramente non atinamos a ver grandes impulsos nin cambios de fondo. Dá a sensación de que seguimos facendo practicamente o mesmo, con algúns remendos engadidos, non sei se realmente moi prometedores.

Valoración xeral das perdas agrogandeiras na provincia polos incendios do ano pasado

Non nos consta unha avaliación verdadeiramente rigorosa das perdas. Evidentemente foron cuantiosas, pero o máis importante é entender que non remataron cando se apagaron os lumes, porque moitas desas perdas vanse arrastrar durante anos.

Puidemos ver viñedos con grandes faixas queimadas que, paradoxicamente, tamén axudaron a frear o avance do lume; soutos de castiñeiros devastados; enormes perdas en madeira, infraestruturas, casetas de apeiros, maquinaria, peches, vivendas e mesmo núcleos de poboación afectados. A iso hai que sumar os arrastres, a erosión e o deterioro do territorio que queda despois do incendio. Por todo isto, resulta extremadamente difícil facer unha estimación real e precisa das perdas.

Especies invasoras na provincia que xeran risco de incendio, como os eucaliptos

O risco de incendios vén dado, en gran medida, pola propia xestión do territorio: polo abandono, pola falta de actividade e pola ausencia de xente no rural. É certo que existen especies que incrementan especialmente ese risco, especies invasoras que dificultan enormemente as tarefas de extinción.

Algunhas delas mesmo nos levan ao engano de pensar que o problema está controlado e volven rebrotar con enorme rapidez, como acontece coas mimosas. Tamén os eucaliptos representan unha dificultade evidente, pero incluso o exceso de piñeiros tampouco favorece o control dos lumes.

E, por suposto, o monte baixo abandonado, desordenado e sen xestión convértese nun combustible perfecto, especialmente cando se dan determinadas condicións climatolóxicas que favorecen lumes rápidos e extremadamente agresivos.

Como está a situación neste sentido?

No caso de Ourense, especies como o eucalipto teñen unha presenza relativamente menor, xa que existen pequenos rodais pero non unha implantación tan extensa como noutras zonas de Galicia. Con todo, pola propia natureza desta especie, os incendios acaban favorecendo a súa expansión e convértena nun importante propagador do lume, incluso a grandes distancias.

O caso das mimosas si representa unha problemática moito máis preocupante. É un fenómeno cunha maior afección, sobre todo porque adoita aparecer en zonas próximas a cultivos, en terras outrora cultivadas e en espazos próximos ás poboacións. Iso fai que o risco se multiplique, tanto pola facilidade de propagación como pola dificultade posterior para controlar estas áreas.

É certo que existen pequenas actuacións puntuais de eliminación e control, pero non se aprecia unha estratexia sólida, continuada e definitivamente establecida para afrontar esta problemática de maneira eficaz e a longo prazo.

Que axudas está habendo das institucións públicas tanto para os danos do ano pasado como para a prevención neste ano no contexto agrogandeiro?

As axudas públicas que buscaban ofrecer respostas rápidas e áxiles, atopáronse con distintas dificultades na súa tramitación. É certo que algunhas persoas xa comezaron a percibilas, aínda que unha parte importante delas continúa aínda en proceso de xestión.

Somos conscientes de que as axudas públicas deben garantir equidade, xustiza e mecanismos de control que eviten fraudes. Tamén sabemos que a complexidade da identificación da propiedade e outras problemáticas estruturais dificultan enormemente unha tramitación sinxela. Pero precisamente porque xa vivimos esta situación noutras ocasións, deberiamos aproveitar para pensar, entre todos, como artellar mecanismos que permitan que futuras convocatorias sexan realmente áxiles, útiles e prácticas para o rural, e non simples anuncios pensados máis para a propaganda urbana que para resolver os problemas reais da xente.

Perdas de mel, castañas, viñas e demais. Tamén neste sentido, se nos podes dar unha valoración e como se está xestionando este ano

Non, estas avaliacións, igual que outras moitas, non están verdadeiramente detalladas. Existen estimacións feitas en función da superficie afectada, do tipo de cultivo ou doutras variables, pero non son valoracións totalmente axustadas á realidade.

E insisto: moitos colmeares non só perderon colmeas; perderon tamén enormes superficies de pecoreo, perderon floración, perderon as ericas que aportaban meles dunha calidade extraordinaria e tamén a flor do castiñeiro que daba lugar a meles singulares e moi valorados.

No caso dos viñedos, mesmo as faixas limítrofes coas zonas queimadas acabaron funcionando como auténticos cortalumes naturais.

A día de hoxe seguimos sen contar cun marco normativo ao que un agricultor, viticultor ou produtor de castaña poida acollerse para garantir que o abandono das parcelas lindantes non acabe provocando danos irreparables sobre as súas explotacións. Ata agora, a normativa céntrase fundamentalmente en protexer vivendas e núcleos habitados, pero tamén deberiamos empezar a pensar na protección real das áreas produtivas do rural.

Existe un convenio para a protección das aldeas —mediante as faixas de protección de 50 metros—, pero botades en falta un convenio similar da Xunta que protexa as zonas agrícolas?

Existen algunhas iniciativas e convenios con determinados concellos para crear ou mellorar cortalumes. Tamén parece que se intenta reforzar as brigadas a través de Seaga, das comunidades ou dos propios concellos.

É certo que os concellos teñen a obriga de notificar aos propietarios que deben limpar o mato nas franxas de protección dos 50 metros, pero, aínda que iso poida interpretarse como un acto de vontade política, tamén supón trasladar a responsabilidade a persoas que, en moitos casos, nin sequera dispoñen dos medios necesarios para cumprir coa obriga.

As propias convocatorias de axudas deixan en evidencia a dificultade de identificar a propiedade, o envellecemento da poboación rural e tamén a precariedade económica de moitas persoas maiores. Todo isto provoca que moitos dos responsables desas parcelas non poidan asumir o custo dos desbroces.

E, por se isto non fose suficiente, apenas existe oferta de servizos capaz de asumir esas tarefas en prazos tan reducidos. Se ademais lle engadimos as dificultades e responsabilidades ás que se expoñen os pequenos empresarios rurais que ofrecen estes traballos, a problemática non fai máis que agravarse.

As labores de notificación e inspección poden servir como cobertura administrativa ou legal, pero a día de hoxe non se perciben como unha solución definitiva.

Sinceramente, non vexo que se desen grandes pasos desde o ano pasado ata agora. É certo que se anuncian melloras en accesos, máis axudas para concellos e mancomunidades destinadas á adquisición de equipamento ou algún reforzo puntual das brigadas, pero non se aprecia un verdadeiro cambio de paradigma que nos permita albergar esperanza de afrontar esta problemática de maneira eficaz.

E tamén quero dicir algo importante: se ben cada monte queimado deixa de ser o que era, tampouco sería bo que, coa escusa de solucionar o problema, acabásemos perdendo a propia idiosincrasia do rural, a relación histórica cos nosos montes e, en definitiva, a nosa maneira de estar no mundo.